

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 11 DE OUTUBRO DE 2011.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **CATORCE HORAS** do día **ONCE DE OUTUBRO DE DOUS MIL ONCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D^o MANUEL CUIÑA FERNANDEZ e D^o MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **D^a MARGARITA CAMPOS ESPIÑO e D^o ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** a Interventora Municipal **DONA ISABEL PERNAS SANCHEZ** e da Secretaria da Corporación **DONA PAULA MARIA SUAREZ COTELO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1^o.- CONTRATACIÓN.-

1^o.- CONTRATACIÓN.

1.1.- Mellora de abastecemento nos núcleos rurais de Silleda , nas parroquias de Cortegada e Saídres (PPC/11) - Rectificación denominación de proxecto.

Por parte da Alcaldía informáse ao resto de membros da Xunta de Goberno Local que se detectou un erro na denominación do proxecto correspondente ao PPC 2011. Na Xunta do Goberno Local de data 22 de setembro de 2011 aprobábase o proxecto "MELLORAS NA REDE DE ABASTECIMENTO DE NÚCLEOS RURAIS NO CONCELLO DE SILLEDA: PARROQUIA DE CORTEGADA E PARROQUIA DE SAÍDRES" redactado polos enxeñeiros técnicos industriais Fidel Gude Sanpedro e Javier González Casanova (GAIA enxeñería).

A denominación do mesmo era errónea xa que debía aprobarse coa denominación de "ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE NA PARROQUIA DE CORTEGADA".

Visto que se trata do mesmo proxecto, co mesmo contido e que só se trata de un erro na denominación do mesmo.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa delegación de competencias conferida por Resolución de Alcaldía de 4 de xullo de 2011, e de conformidade co artigo 105 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, por unanimidade acordo:

- Primeiro. Rectificar a denominación do proxecto correspondente á obra do PPC 2011, coa denominación de "ABASTECIMIENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE NA PARROQUIA DE CORTEGADA"
- Segundo. Comunicar a rectificación a todos aqueles que aparezan como interesados no procedemento.

1.2.- Abastecemento domiciliario de auga potable na parroquia de Cortegada (PPC/11) - Apertura sobre A.

Visto que de conformidade co RD 835/2003, de 27 de xuño polo que se regula a Cooperación Económica do Estado ás Inversións Locais, modificado polo RD 1263/2005 de 21 de outubro, Orden de Desenrolo e aplicación do citado Real Decreto, de 31 de xaneiro de 2006 e demais Instrucións da Dirección Xeral de Administración Local, autorizouse pola Deputación a obra correspondente ao Plan Provincial de Cooperación, anualidade 2011.

Visto que con data 20 de maio de 2011 e número de rexistro de entrada 2090 comunícase por parte da Deputación de Pontevedra que non existe obxección ás obras solicitadas polo Concello que consisten na mellora de abastecemento nos núcleos rurais de Silleda, nas parroquias de Cortegada e Saídres.

Visto que a subvención otorgada é a seguinte:

Total Orzamento	Administración Xeral do Estado	Deputación Provincial	Concello de Silleda
93.450,37 €	37.380,15 €	28.035,11 €	28.035,11 €

Visto o proxecto redactado polos enxeñeiros técnicos industriais Fidel Gude Sanpedro e Javier González Casanova (GAIA enxeñería).

Visto informe de Secretaría de data 21 de setembro sobre lexislación aplicable e procedemento a seguir.

Visto o informe asinado polo Arquitecto asesor do Concello con data 22 de setembro de 2011 no que se informa que a documentación do proxecto está completa e adecuada aos condicionamentos exisibles ao proxecto, en harmonía e suxeita ó contido establecido no artigo 107 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Visto que pola Xunta de Goberno Local de 22 de setembro se aprobou o proxecto e coa mesma data levouse a cabo o replanteo da mesma.

Dado o importe do proxecto, 79.195,23 € máis 14.255,14 € de IVE, parece que o

procedemento máis adecuado é o procedemento negociado sen publicidade.

Visto que a Xunta de Goberno Local de data 23 de setembro acordou iniciar o expediente de contratación e que se redactaran os pregos de cláusulas administrativas e técnica particulares. Vistos os pregos redactados polos servizos municipais e tendo en conta as observacións exportas nos informes de Secretaría e de Intervención de data 29 de setembro.

Visto que na sesión da Xunta de Goberno Local de data 30 de setembro de 2011 aprobouse o expediente e acordouse invitar a participar ás seguintes empresas de Silleda:

- Construcciones Lorenzo García, S.C.
- Abastecimientos y Construcciones S.A.
- Const. Fernández. Sarmiento, S.A.
- Fertaf, Obras y Servicios, S.L.
- Const. Pereiro y Campos, S.L.
- Construcciones Agustín Chaira, S.L.
- Urbanizaciones del Deza, S.L.
- Construcciones Areán, S.L.
- Construcciones Míguez Xestoso, S.L.
- Construcciones Sangiao, S.L.
- Construcciones Rey Rozados, S.L.
- Obras Técnicas de Galicia, S.L.
- Rivas y Otero Construcciones, S.L.
- Silleda Jardín, S.L.
- Carlos Rey Domínguez
- Excavaciones Luis Costa
- Excavaciones Benito, S.L.
- J.M. Montoto
- Excavaciones López
- Excavaciones M.E. Mejuto, S.L.
- Excavaciones MAPOL, S.L.
- Excavaciones Bandeira Deza, S.L.
- Excavaciones Sabino, S.L.

Visto que das anteriores empresas todas recolleron a invitación agás Rivas y Otero Construcciones, S.L.

Visto que Excavaciones M.E. Mejuto, S.L. e Construcciones Lorenzo García, S.C. rexeitaron participar na licitación presentando escritos co número de rexistro de entrada 4262 e 4308.

Visto o certificado de Secretaría das ofertas presentadas de data 10 de outubro no que consta que presentaron ofertas en prazo: Construcciones Míguez Xestoso, S.L.; Excavaciones

Sabino, S.L.; Fertaf, Obras y Servicios, S.L.; Construcciones Fernández. Sarmiento, S.A.; Excavaciones Benito, S.L.; Urbanizaciones del Deza, S.L.; Construcciones Sangiao, S.L.

Asi mesmo sinálase que presentou sobre a empresa Teco Galicia S.L. que non fora invitada á licitación polo que non se procede á súa apertura.

Procédese á apertura do sobre A que se corresponde coa documentación administrativa:

- Excavaciones Sabino,S.L. (Necesario subsanación do bastanteo de poderes e a solvencia técnica de conformidade coa cláusula 13.3 A 5.b.)
- Fertaf, Obras y Servicios, S.L. (documentación completa)
- Construcciones Fernández. Sarmiento, S.A. (documentación completa)
- Excavaciones Benito, S.L. Exclúese a súa oferta por incluír documentación relativa á oferta económica dentro do sobre A relativo á documentación administrativa.
- Urbanizaciones del Deza, S.L. (Necesario subsanación da solvencia técnica de conformidade coa cláusula 13.3 A 5.b.)
- Construcciones Míguez Xestoso, S.L. (Necesario subsanación do bastanteo de poderes).
- Construcciones Sangiao, S.L. (documentación completa)

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa delegación de competencias otorgada por resolución de alcaldía de data 4 de xullo de 2011, por unanimidade acorda:

PRIMEIRO. Solicitar ás empresas Excavaciones Sabino, S.L., Urbanizaciones del Deza, S.L. e Construcciones Míguez Xestoso, S.L a subsanación da documentación citada.

SEGUNDO. Notificar ás empresa o presente acordo e darlle de prazo ata as 14.00 horas do vernes 14 de outubro de 2011 para a presentación da devandita documentación.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta levántase a sesión as quince horas, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,